

PEZA: El Camino de Santiago en España realizado en los años 1983-1984

AUTOR: Munehiro Ikeda

Nº INV.: D-196

Peza favorita de Cristina Ogando

É difícil dicir por que se converteu na miña obra favorita. Sei que desde o primeiro momento en que a vin, nos meus primeiros días no museo, foi case amor a primeira vista. Pero foi ao longo dese ano, cada vez que tiña que pasar pola súa sala, era como un imán. Atraíame cara a ela sen que o puidese evitar.

Sempre me gustou a estética xaponesa, Kanagawa é un dos meus pintores favoritos e son bastantes as similitudes coas pinturas de Munehiro Ikeda. Con todo, mentres que en Kanagawa se vía a natureza contida e temperamental, en Ikeda pódese contemplar o agarimo e o brillo especial que só aqueles que fixeron o Camiño poden comprender.

O detalle, a exactitude dos percorridos e as igrexas que chegou a visitar. É un gran libro cheo de amor polo Camiño de Santiago que demostra unha pericia pictórica sublime. É que é moi difícil non se fixar nese libro. As cores parecen estar a piques de saltar de entre as páxinas cara a fóra. Como na escena de Mary Poppins, ás veces podes xurar que, dun salto, te atopas realmente neses camiños debuxados con esa brillante tinta a toda cor. Poucas obras existen que chamen tanto o amor á arte, o detalle e as ganas de aventura. Literalmente.

Cristina Ogando González

14 de abril de 2023